

ROTEIRO POR NEGUEIRA DE MUÑIZ

A VIDA COMUNAL – REPOBOAMENTO DO RURAL



Este roteiro levaranos a un concello no que excepcionalmente se manifesta un certo rexuvenecemento do rural. O fenómeno ocorre nas aldeas que os veciños tiveron que abandonar arredor de 1960 debido a que a construción do encoro de Grandas de Salime asolagou parte das súas terras. Os lugares foron habitados nas vindeiras décadas por xente de procedencia diversa, algúns dos cales manteñen na actualidade interesantes proxectos de agroecoloxía (**Cooperativa Ribeira do Navia**), ao tempo que achegan novas vidas ao Concello.

O roteiro é circular e o punto de partida será a aldea de **Ernes** (450m). O lugar está bastante ben conservado grazas ás xornadas de traballo comunitario que organizan os veciños e veciñas. Percorrendo 3 km polo **camiño da auga** (vía pola que chega a auga ata Ernes) subiremos ata **Vilar** (600 m). Aquí visitaremos o **proxecto da escoliña de Vilar**, e un veciño (Salva) daranos información sobre esta iniciativa que responde ao incremento de natalidade nestas aldeas. Logo dun descanso, baixaremos polo camiño real 3 km ata **Foxo** onde poderemos xantar á beira do encoro. Finalmente, dirixirémonos de novo ata Ernes seguindo o antigo camiño de carro durante 5 km. Ao longo do percorrido teremos ocasión de contemplar diversos elementos propios da forma de vida previa á construción do encoro: muíños, fontes, corrupias, cortíos, peches de fincas...

Lonxitude: 12 km.

Dificultade global media, pero no primeiro tramo (3 km) pode ser media- alta debido á pendente.

Guías: Dora, Xaquín, Luz e Salva.

DOMINGO, 21 DE MAIO DE 2017

| | |
|--------------------------------------|------|
| Xeral..... | 15 € |
| Estudantes, xubilad@s e no paro..... | 12 € |
| Soci@s..... | 10 € |
| Ata 17 anos..... | 5 € |

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.



**Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño.
O bo humor é cousa de tod@s**

PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

11 Xuño: Muíños do Picón e Folón – O Rosal

ROTEIROS ADEGA LUGO
2016/2017

RECUPERANDO O NOSO



MAPA DO ROTEIRO

